

TICS

Estreada o 12 de Febreiro de 1998 na Casa da Cultura de O Barco de Valdeorras, pola Compañía “Sarabela”, co seguinte reparto:

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda.

Luís Brandán: Fernando Dacosta.

Tere. Telefonista. Sara: Elena Seijo.

Rita. Ana. Moza: Fina Calleja.

Garda. Home: Antón R. Macías.

Escenografía: Jesús Costa e Pablo Otero “Peixe”.

Realización carpintería: Julio Ramos.

Maquillaxe e vestuario: Carmela Montero.

Realización de vestuario: María Meri Rodríguez.

Iluminación: Antón R. Macías. Ánxeles Cuña.

Deseño de son: Arturo González.

Deseño gráfico: 1:Media. Deseño e Comunicación.

Fotografía: Mario G. Herradón.

Axudante de dirección: Matilde Vázquez.

Producción: Sabela Gago.

Técnicos de montaxe: Lolo Gallego, Marcos Andrés, S. Díaz.

Técnico de luz e son: Suso Díaz.

(Casa de Luís Brandán. Sentados, el e a neuróloga Rita Codosal, conversan amigablemente)

RITA.—

Non digo que me convides a cear, non, non. Pero, en fin, si que me gustaría saber algo máis da túa vida, coñecer mellor a túa familia...

LUÍS BRANDÁN.—

(Arrastrando a cadeira cara a atrás nun desexo de afastarse de Rita). Hoxe non. Celebramos algo.

RITA.—

Por favor, por favor, non te desculpes. A culpa é miña... Se estou aquí hoxe...

LUÍS BRANDÁN.—

Hoxe non. Celebramos algo.

RITA.—

Xa. Peerdoa. Foi unha arroutada. Presentarme así... *(Achegándose coa cadeira)* Mira, Luís, ti es quen decide se queres que continuemos.

LUÍS BRANDÁN.—

(Xogando coa cadeira): NON ABONDONAREI O CASTELO. LOITAREI ATA O FINAL.

RITA.—

Ben. ¿Lembras que tiñamos unha cita ás cinco?

L. B.—

Ás cinco, si, si, si. (*Imitando a súa nai, Tere*): Luis Brandán, ¿non quedaches con Rita Codesal ás cinco?. (*Fin da imitación*) ¡Recalcitrante!

RITA.—

Peerdoa, ¿que?

L. B.—

Gústame porque me produce un calafriño excitante. ¡Recalcitrante! ¡Brrr! (*Coloca a súa cadeira en simetría coa de Rita*)

RITA.—

Tres meses. Só preciso tres meses para coñecer o teu estado.

L. B.—

Solteiro, gracias, ¿e vostede? Moito gusto. De verdade, o gusto é meu. Xa sabe que estou á súa enteira disposición e sen máis un saúdo para o seu home.

RITA.—

¿Por que non viñeches a verme hoxe?

L. B.—

Hoxe, ostras.

RITA.—

Teño máis información, ¿sabes? Levo semanas dándolle voltas, lendo, chamando aquí e acolá... Interésasme. Só preciso saber se a ti tamén che interesa.

L. B.—

(Procurando que as súas pernas estean simétricas. Procurando que os seus cónados estean simétricos) A miña nai di que sufro.

RITA.—

¿E ti que dis?

L. B.—

Non sei. Outra palabra que me gusta é charramanguero. Charramanguero.

RITA.—

¿Que queres que faga eu entón?

L. B.—

Búscame palabras con “ch” ou “rr”.

RITA.—

Chorrada.

L. B.–

Xa a teño.

RITA.–

Chiquirriqui.

L. B.–

Ben. Ben. Ben.

RITA.–

Hai solución, Luís. Insisto.

L. B.–

(Imitando) ¡Neno, non me toques os collóns e deixa de fregar no timbre da porta!

RITA.–

Tampouco me interesa que veñas a verme porque a túa nai pensa que está ben que veñas a verme...

L. B.–

Ela di que sufro un sufrimento inconmensurable.

RITA.–

Ese colega do que che falei a primeira vez, envioume informes de casos semellantes que responderon ao tratamento.

L. B.–

¡Inconmensurable! *(Contando as sílabas)* ¡Que boni-

ta, aínda que sexa de seis! ¡Inconmensurable! Case non cabe na boca, ¿non cres?

RITA.—

¿Queres intentalo, Luís Brandán?

L. B.—

(Investigando sonidos que provocan distintos obxectos ata que se centra nun só): Hoxe non.

RITA.—

Xa. Peerdoa. Celebrades algo. *(Tira unha libreta do bolso e apunta)* Buscar palabras con “ch” e “rr” para Luís Brandán. *(Gardando a libreta)* Xa nos veremos, entón. ¿Espero a que me chames? Si, será mellor. Pois, nada, Luís Brandán. E peerdoa se...En fin... Ata logo, entón. *(Érguese)*

L. B.—

(Apreixándoa fortemente) Pois, nada, o dito, de verdade, encantado, encantado, encantado para sempre xamais. Bicos e non deixe de visitarme cando pase por aquí, por aquí, por aquí. Escribireille unha postal cando chegue. *(Mentres a despide repite cun ritmo axeitado)* Chiquirriqui, chiquirriqui, chiquirriqui.

(No comedor da casa de Luis Brandán a mesa está disposta para cear: mantel branco, cubertos, pratos, copas, candelabros...Soa insistentemente o timbre da porta).

L.B.—

O timbre. Timbre. Timbre. Recalcitrante. Timbre.
Brrr. Recalcitrante. Brrr. Vou vou. Vou vou.

*(Luís Brandán vai abrir. Entra Ana, renqueando, e
tras dela Luís Brandán)*

L.B.—

¿E logo as chaves?

ANA.—

¿As chaves?

L.B.—

As chaves. As portas ábrense coas chaves. Se queres abrir unha porta tes que usar a chave, porque gracias a ela poderás entrar naquel lugar que estea pechado por unha porta. ¿Entendes? Para abrir a porta necesitas a chave. Veveve. Se non podes abrir a porta será porque non tes chave. Pero ti tiñas chave desta porta porque é a porta da casa e todos temos chave desa porta.

ANA.—

As chaves... Non sei. Tereinas por aí.

L.B.—

¿Iso quere dicir que perdiches as chaves? Vesvesves.
Tes que ter máis coidado. Non podes perder as cou-

sas. Sasasás Ten coidado e déixaas sempre no mesmo lugar para que despois lembres onde teñen que estar. Tes que organizarte na vida. Unha vida sen orde non é vida. E, ademais, é moi incómoda. E organizarse nestes mínimos detalles que nos fan a vida máis cómoda, non custa nada. É unha cuestión de hábito. De rutina. As chaves no peto do pantalón cada vez que saias de casa. Sempre no mesmo peto do mesmo pantalón.

ANA.—

¿Do mesmo pantalón?

L.B.—

No mesmo peto, no dereito, do pantalón. Lonlón. E non andar xogando con elas. As chaves non son para andar xogando con elas pola rúa porque así é moi fácil que as perdas ou as deixes despistadamente nalgún lugar que non sexa o peto do teu pantalón. Talón talón talón.

ANA.—

Tes toda a razón do mundo, Luís Brandán.

L.B.—

¿E como foi que perdiches as chaves?

ANA.—

Eu non perdín as chaves.

L.B.—

¿Seguro?

ANA.—

Seguro.

L.B.—

¿Estás totalmente segura?

ANA.—

¿Por que estás ti tan seguro de que eu non estou segura?

L.B.—

Porque chamaches ao timbre.

ANA.—

Para entrar na casa.

L.B.—

¿E logo non tes chaves?

ANA.—

Luí Brandán, por favor, déixao.

L.B.—

¿O que? ¿Que vou deixar?

ANA.—

O das chaves, hostias.

L.B.—

¿Non che interesa?

ANA.—

Non. Non me interesa.

L.B.—

Pois a min si. ¿Sabías que había alguén na casa para abrirche a porta?

ANA.—

Supúxeno.

L.B.—

Entón, resulta evidente que se non houberse ninguén na casa para abrirche a porta, ti terías que quedar na rúa. Porque non tes chaves. Vesves.

ANA.—

Claro que teño chaves. Pero...Pero...Tiña présa.

L.B.—

¿Por que tiñas présa?

ANA.—

Porque... porque si. ¿Xa chegaron os demais?

L.B.—

(Mira os obxectos que están enriba da mesa e ponse a colocalos de acordo coa súa “maneira”, en paralelo, ou

en simetrías, ou desfacéndoas, adiantándoos ou atrasándoos) ¿Os demais? ¿Quen son os demais? Os demais son os outros. ¿Quen son os outros? Trostrostrostros.

ANA.—

¿Que pasou? ¿Por que estás así?

L.B.—

Nada. Nada. Nada. Nada. Nada. ¿Que había pasar?
Nada. Nada.

ANA.—

Vale, vale. Non pasou nada.

L.B.—

Non pasou nada. Nada. Nada. Esta copa... e esta...
E este candelabro aquí non; aquí. Si; aquí.

ANA.—

¿E que hai hoxe para dispoñer a mesa dun xeito tan...?

L.B.—

Non pasou nada. Nada. Nada. Nada.

ANA.—

Mamá, ¿está na casa?

L.B.—

Está na cociña. Abrindo as ostras.

ANA.—

¿Ostras?

L.B.—

Ostras. Si. Ostras. Ostras. Ostrias. Hostias.
Hostias.

ANA.—

Pero, ¿para que?

L.B.—

¿Para que? ¿Para que qué? ¡Hostias! Eu non penso comer ostras.

(Entra Tere, a nai, en bata. Unha bata longa e elegante, como de película de Katherine Hepburn. Trae unha bandexa con ostras e déixaa na mesa. Para colocala sobre a mesa ten que variar a situación dos obxectos que estaban xa alí. Luís Brandán terá que volver a resituar todo de acordo coa súa “maneira”)

TERE.—

¡Ola filla! ¡Que ben que xa chegaches! *(Mira o reloxo)* Hui, pero que tarde é xa. Vou correndo cambiarme antes que chegue o voso pai. E vós, ¿non vos ides cambiar?

ANA.—

Non.

(Luís Brandán continúa concentrado en colocar todo na mesa)

TERE.—

¿Non vos apetece...? Como se fose un xogo. Unha cea elegante. Con roupa de festa. Hoxe pode ser unha festa.

ANA.—

¿Pódese saber que se festexa?

TERE.—

Filla, por unha vez que podemos cear todos xuntos... Como unha familia... Como unha familia. Distinguida, refinada, con clase... Como nas películas. ¿Por que non pos un vestido longo, de noite? ¿Queres que che preste un dos meus? Como cando eras nena. ¿Gustábache tanto disfrazarte cos meus vestidos!

ANA.—

¡Que merda!

TERE.—

¡Ana!

ANA.—

Xa non son unha nena, mamá. Estou ben así e non penso “disfrazarme” esta noite.

TERE.—

¡Que carácter tes! Non se pode falar contigo. Está ben. Non quero discutir. Hoxe, non. Eu, si. Voume

cambiar. O voso pai ten que estar a chegar. Co puntual que é sempre...

(Tere sae apurada)

ANA.—

¿Quen é o “culpable” de todo isto?

L.B.—

¿Culpable? ¿Que culpa do culpable culpable?

ANA.—

Todo isto da mesa e demais.

L.B.—

Cousa de mamá. Eu axudo a colocar as copas, os pratos. Somos catro nunha mesa cadrada. Perfecto. Paralelepípedo. Paralelepípedo. Paralelepípedo. Perfecto.

ANA.—

A esfera.

L.B.—

¿A esfera?

ANA.—

Disque a “perfección” está na esfera.

L.B.—

Pois a min hoxe gústame o catro, mira ti. Catro

copas de auga, catro copas de viño, catro copas para o cava, catro pratos sobre catro pratos, catro panos de mesa, catro...

ANA.—

Catro imbéciles que non teñen nada...

L.B.—

(Interrompéndoa) ¿Atopáchelas?

ANA.—

¿O que?

L.B.—

As chaves.

ANA.—

Mira, tío, que quede claro que eu non perdín as chaves. Estarán no meu bolso. ¿Que queres? ¿Queres que chas ensine?

L.B.—

As chaves non se deben perder. Causan moitos problemas. Se as perdes. Non podes abrir as portas e non podes entrar na casa.

(Entra Tere, cambiada de roupa, como unha vella actriz de Holliwood, tal vez esaxeradamente vestida, e cun peiteado imposible (“á americana”), que lle estará caendo durante toda a escena).

L.B.—

Ana perdeu as chaves.

TERE.—

¿Perdiches as chaves? Ai, non, non. Non se poden perder as chaves. Perder as chaves causa moitos problemas, porque...

ANA.—

Pero, ¿isto que é? Eu non perdín as chaves. ¿Mofádesvos ou é unha “teima familiar”?

TERE.—

¿Teima? ¿Que teima?

L.B.—

Teima que Ana perdeu as chaves. Vesvesves.

ANA.—

Como volvades a falar das chaves, marcho. E tiro as chaves ao lixo para non volver a abrir esa porta.

TERE.—

Luís Brandán, ¿que che contou hoxe a doutora?

L.B.—

Hoxe, hoxe, hoxe...

TERE.—

Veña...¿Non queres falar diso?